



DECRETO DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

A Alcaldía no exercicio das potestades de autoorganización e de conformidade co réxime xurídico de delegación de competencias de Alcaldía previsto nos artigos 23.4 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, 43, e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, considera necesario estruturar o exercicio de goberno das competencias municipais en diferentes áreas de delegación

Por Decreto de Alcaldía 2023-1840 de data 19.06.23 se resolveu a delegación de competencias de Alcaldía en concelleiros/as, que se considera necesario modificar, establecendo unha nova estrutura e denominación das Concellerías Delegadas consonte a Modificación da base 27 do vixente orzamento municipal, aprobada definitivamente polo Pleno Corporativo en data 23 de febreiro de 2022 e publicada no BOPPO núm 43 do 3 de marzo de 2022

Polo exposto Alcaldía en uso das facultades atribuídas no artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local no establecemento da organización e estrutura da Administración municipal executiva, RESOLVE:

1º) Delegar no Concelleiro Don Carlos Martínez Nogueira as competencias de Industria, Contratación e Patrimonio.

Desenvolverá as competencias municipais en materia de contratación administrativa, responsabilidade patrimonial, administración e xestión dos bens patrimoniais e industria

2º) Delegar na Concelleira Dona Carolina González Costas as competencias en Educación, Igualdade e Normalización Lingüística.

Desenvolverá as competencias municipais en materia de educación, normalización lingüística e o Servizo de Atención Temperá.

3º) Delegar na Concelleira Dona Antía Rosa Carrera Couselo as competencias en Urbanismo, Promoción e xestión da vivenda, Medio Ambiente e Mercados.

Desenvolverá as competencias municipais en materia de planeamento urbanístico, licencias, vivenda, medio ambiente, Praza de abastos, actividades feriais e mercados de venda ambulante.

4º) Delegar no Concelleiro Don Abel Estévez Carrera as competencias en Deportes Servizos Sociais, Seguridade, Policía Local e Protección Civil

Desenvolverá as competencias municipais en materia de deportes e xestión das instalacións deportivas municipais, servizos sociais, xestión do banco de alimentos, seguridade cidadá, Policía Local, Protección Civil, tráfico e mobilidade.





Concello do Porriño

5º) Delegar no Concellerío Don Ramón Porto Oya as competencias en Vías, Obras e Servicios

Desenvolverá as competencias municipais en materia de vías, obras e alumbrado público

6º) Delegar na Concelleira Dona Rosa Isabel Alonso as competencias en Comercio, Transparencia, Infancia, UNED e Programas Europeos.

Desenvolverá as competencias municipais en materia de promoción do comercio local, transparencia, xestión da APP e Web municipal, planificación e impulso de iniciativas a prol da infancia en coordinación coas concellerías de Educación e Cultura, xestión e coordinación da aula da UNED do Porriño e coordinación de Programas Europeos.

7º) Delegar no Concelleiro Don Jose Carlos González Fernández as competencias en Parques, Xardíns, Cemiterio, Limpeza.

Desenvolverá as competencias municipais en materia de limpeza viaria, recollida de lixo, mantemento de parques e xardíns e xestión do cemiterio municipal.

8º) Delegar con Concelleiro Don Bienvenido Estévez Maceira as competencias en Cultura, Festas e Novas Tecnoloxías.

Desenvolverá as competencias municipais en materia de promoción de actividades culturais, biblioteca municipal, festexos e impulso das novas tecnoloxías (equipamento en instalacións municipais e extensión da rede de fibra óptica no termo municipal)

9º) Delegar na Concelleira Dona Ascensión Rosario Costas Táboas as competencias en Emprego e Formación

Desenvolverá as competencias municipais en materia de promoción do emprego, servizo de orientación, xestión da Bolsa Municipal de Emprego e actividades formativas

10º) Delegar no Concelleiro Marcos Martínez Campos as competencias en Parroquias, Comunidades de augas e Montes e Parques Infantís.

Desenvolverá as competencias municipais en materia de servizos esenciais e infraestruturas nas parroquias (en coordinación coas concellerías de Vías, obras e servizos, limpeza viaria e lixo), relación e coordinación coas comunidades de traídas de augas e de montes e mantemento e xestión dos parques infantís

11º) Delegar na Concelleira Dona Vanessa Ucha Fernández as competencias de Turismo, Migracións e Transporte Público





Desenvolverá as competencias municipais en materia de promoción turística, planificación e xestión de programas e actividades turísticas, migración (deseño e implementación de programas de información e asesoramento para garantir o acceso da poboación inmigrante aos servizos públicos e a súa inclusión efectiva) e xestión do transporte público no termo municipal

12º) Delegar no Concellerío Don Antonio Barros Serodio as competencias de Xuventude, Terceira Idade e Participación cidadá

Desenvolverá as competencias municipais de participación cidadá, coordinación co tecido asociativo veciñal e cultural do centro urbano e parroquias, xuventude e Terceira Idade, xestión dos programas provinciais Tempo de Lecer.

13º) Delegar na Concelleira Dona María Teresa Veloso Castaño as competencias de Sanidade e Política Social

Desenvolverá as competencias municipais de Sanidade, xestión da UAD, programas de promoción da saúde e hábitos de vida saudables, relacións co Centro de Saúde e PAC, e política social: escolas infantís, centros de día e de maiores, unidades asistenciais, centros e asociacións de educación especial (AFAGA, ACEESCA)

14º) Delegar na Concelleira Dona Bárbara María Troncoso Rodríguez as competencias en Atención cidadá e protocolo.

Desenvolverá as competencias municipais en materia de atención ao cidadán, impulso de medidas que favorezan o acceso dos cidadáns aos servizos públicos e a súa relación coa administración e protocolo

15º) Delegar no Concelleiro Don Ricardo Losada Varela as competencias en Consumo e parque móvil

Desenvolverá as competencias municipais en materia de consumo, información e protección dos seus dereitos a consumidores, comerciantes ou usuarios, tramitación de queixas e reclamacións, mediacións e xestión do parque móvil municipal.

16º) As delegacións específicas comprenden o exercicio das seguintes facultades:

- Dirección do Servizo
- Xestión d Servizo
- Proposición de adopción á Alaldía de actos administrativos que afectan a terceiros
- A sinatura da seguinte documentación municipal:

a) Certificacións dos acordos adoptados pola totalidade dos órganos de goberno, consultivos e órganos complementarios municipais, previstos no artigo 20 e seguintes da lei 7/1985 de Bases do Réxime Local.





- b) Certificacións requiridas por outras administracións públicas de base territorial ou institucional
- c) Certificacións do padrón, censo e demais documentos ou rexistros relativos á estatística municipal.
- d) Certificacións relativas ós libros de rexistro ou rexistros de entrada e saída de documentos.
- e) Certificacións de exposición ó público no taboleiro de edictos do concello.
- f) Certificación de calquera outro tipo de documentos actos ou antecedentes existentes nas dependencias municipais
- g) Sinatura de actas relativas á execución de actuacións relativas á expropiacións forzosas municipais.
- h) Sinatura de altas, baixas e calquera outro tipo de incidencias relativas os padróns de tributos municipais.
- i) Sinatura de calquera outro tipo de documentos de simple comunicación a particulares ou administracións públicas en relación coa totalidade dos procedementos administrativos de competencia municipal.

17º) As precedentes delegacións deberán ser aceptadas por parte dos concelleiros, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles non fai expresa manifestacións rexeitando a delegación.

18º) Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

19º) O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

20º) Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

Así o manda e asina no Porriño na data sinalada na marxe

